

CONVOCATORIA DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM) CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, para o **1º semestre** do ano académico **2023-2024** **cursos de lingua galega** do Centro de Linguas Modernas (CLM) nos campus Santiago e Lugo dirixidos á comunidade universitaria, especialmente ao alumnado da universidade (SICUE, convenios da USC e similares), como servizo de apoio complementario á educación universitaria, e tamén abertos a calquera persoa interesada maior de 16 anos de conformidade coas seguintes

BASES

1 Cursos ofertados

No 1º semestre do curso académico 2023-2024 impartiranse cursos de galego que poderán responder a tres modalidades:

- Cursos semestrais para non galegofalantes: 40 horas presenciais + 10 horas de traballo autónomo do alumnado. As clases teñen periodicidade de 90 minutos 2 veces por semana durante 4 meses.
- Cursos intensivos para non galegofalantes: 30 horas presenciais + 10 horas de traballo autónomo do alumnado.
- Cursos intensivos para PDI e PI da USC, preparatorios das probas de acreditación de nivel B2 da USC (niveis 1 e 2): 15 horas en liña + 10 horas de traballo autónomo do alumnado.

Os detalles dos grupos ofrécense no Anexo. O CLM poderá modificalos por cuestións organizativas.

2 Recoñecemento e créditos ECTS

2.1. No caso dos cursos para non galegofalantes, tanto semestrais como intensivos, a asistencia ao 80% das horas presenciais e a superación da avaliación continua e final dará dereito a unha certificación da USC con selo de órgano e código seguro de verificación (CSV) que acredita:

- a denominación do curso
- a duración, en número de horas
- o nivel segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas
- a identidade da ou do estudante (nome completo e documento de identificación)
- a cualificación cualitativa (*Aprobado, Notable, Sobresaliente, Matrícula de Honra*) e numérica obtida

O alumnado procedente doutra comunidade autónoma que non completaron os seus estudos preuniversitarios en Galicia e que supere os cursos de A2 poderá solicitar os 3 créditos ECTS correspondentes, segundo o [Acordo do Consello de Goberno da USC do 5 de xullo de 2016, sobre o recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real decreto 1393/2007](#).

2.2 No caso dos cursos intensivos para PDI e PI da USC, as persoas que asistiran a un 80% das horas presenciais e participaran activamente no curso, poderán solicitar unha constancia da súa asistencia, asinada pola directora do CLM, que incluírá o título do curso, a duración en horas e a identidade do ou da estudante.

3 Test de nivel

As persoas interesadas no nivel inicial A1 poderá matricularse directamente, sen realizar un test de nivel previo.

As persoas interesadas no nivel A2:

- Se son nacionais de países de linguas españolas ou portuguesa, terán que inscribirse no test de nivel por cuestións organizativas, pero non terán que realizalo.
- Se non son nacionais de países de linguas españolas ou portuguesa terán que realizar un test de nivel gratuíto e previo á matrícula.

Para inscribirse no test terán que facelo no período sinalado no Anexo, a partir da [páxina web do CLM](#), que dará acceso á secretaría virtual ⇒ Actividades, cursos e probas ⇒ Test de nivel, e seguir as instrucións.

Os resultados dos test de nivel publicaranse na secretaría virtual do alumnado.

O nivel acadado no test non acredita o nivel correspondente segundo o MECRL, senón que só indica o nivel no que debe matricularse.

Cando se teña o resultado do test de nivel asignado e o período de matrícula estea aberto, poderá elixir o horario dispoñible e matricularse no curso elixido.

As persoas interesadas nos cursos preparatorios das probas de acreditación non teñen que realizar test de nivel.

4 Matrícula

As persoas interesadas no nivel A1 así como o PDI e PI da USC interesado nos cursos preparatorios das probas de acreditación de nivel B2 da USC, poderán matricularse directamente, sen inscribirse no test de nivel.

A matrícula farase por Internet dende a [páxina web do CLM](#).

Recoméndase que o alumnado se matricule no CLM despois de formalizar a matrícula nos estudos regrados na USC, xa que iso permite aplicar a tarifa reducida da USC e simplificar o proceso de introdución de datos persoais na aplicación.

A matrícula ten asociadas as seguintes [tarifas oficiais](#):

- Cursos para non galegofalantes: Comunidade universitaria: 24€, 30€, segundo o curso. Persoas alleas á USC: 60€, 75€ segundo o curso.
- Cursos para PDI e PI da USC, preparatorios das probas de acreditación de nivel B2 da USC: de balde.

Dada a natureza de servizo universitario e a súa consideración de estudos propios e específicos diferentes aos de validez en todo o territorio nacional, non será de aplicación o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

Cancelaranse os cursos que non acaden o mínimo de 5 persoas matriculadas a non ser en casos excepcionais que a dirección do CLM estime pertinentes. No caso de cancelación do curso, o alumnado ten dereito á devolución da matrícula ou a cambio de curso.

No caso dos cursos semestrais haberá un prazo de dez días naturais dende a data de inicio do curso para solicitar a anulación e devolución da matrícula. No caso dos cursos intensivos o prazo será de cinco días.

A renuncia á matrícula por causas alleas á Universidade non dará dereito á devolución do seu importe.

5 Seguro

Agás as persoas que realizan os seus estudos no CLM da USC única e exclusivamente en liña e en ningún momento permanezan nas instalacións da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico correspondente ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe establecido como obrigatorio polo Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009. Máis información en: <http://www.usc.es/gl/servizos/sxe/seguros.html>.

O custo do seguro no curso académico 2023-2024 é de 17,50€ e poderá contratarse antes da chegada á USC.

Información e contacto

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)
Avda. das Ciencias 7, 1º
Campus Vida – Santiago de Compostela
Tel.: 8818 14443
Correo electrónico: clm@usc.gal

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)
Aulario da facultade de Humanidades
Sala de profesores do CLM (Lugo)
Tel. (Santiago): 8818 14443
Correo electrónico: clm@usc.gal

Para resolver problemas relacionados coa inscrición, a matrícula ou a certificación contacten con clm@usc.gal. No caso de ter problemas técnicos, contacten con cau@usc.gal.

Impugnación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O REITOR

P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)

O Xerente

Javier Ferreira Fernández

ANEXO. CURSOS DE LINGUA GALEGA DO 1º SEMESTRE DO CURSO 2023-2024

Cursos	Niveis impartidos segundo o MECRL	Observacións	Número de horas	Número de grupos	Calendarios e horarios das clases	Máximo de prazas por grupo	Inscrición no test de nivel	Prazo de matrícula	Prezo
Cursos semestrais Campus Santiago	A1	Sen test de nivel	50 = 40 presenciais + 10 traballo autónomo	1	09/10/2023 – 17/01/2023	15	Sen test de nivel	3/07 – 9/10	USC: 30€ Persoas alleas á USC: 75€
Cursos intensivos Campus Santiago (Medicina) e Campus Lugo (Veterinaria)	A2	Preferencia para o alumnado de Medicina e Veterinaria Test de nivel. Todas as persoas interesadas deberán inscribirse no test de nivel previo, pero as persoas que sexan de fala española ou portuguesa, ou acrediten un nivel A1 de galego, non terán que facelo.	40 = 30 presenciais + 10 traballo autónomo	3	Medicina1: 18/09 - 8/11 (luns e mércores de 12 a 14h) Medicina2: 18/09 - 8/11 (luns e mércores de 19 a 21 h) Veterinaria: 11/09 - 14/11 (luns, martes, mércores e xoves de 15 a 16 h, agás 19-20-21-25 de setembro (sen clase) e 26-27-28 de setembro (de 16:30 a 17:30)	15 15 15	3/07 – 18/09	3/07 – 18/09	USC: 24€ Persoas alleas á USC: 60€
Cursos intensivos para preparación das probas de acreditación de nivel B2 da USC para PDI		Para PDI-PI da USC. Sen test de nivel. Presencial en Santiago e en liña para Lugo. Son dous grupos independentes, de nivel menor (1) e maior (2)	25 = 15 presenciais + 10 traballo autónomo	2 2	Nivel 1: 15/09 - 03/11 (venres de 16 a 18h) Nivel 2: 10/11 – 12/01/2024 (venres de 16 a 18h)	15 + 15 Presenciais 5 + 5 en liña	Sen test de nivel	03/07 – 15/09 03/07-10/11	PDI-PI: Gratuito

Os cursos poderán sufrir cambios por motivos organizativos.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/06/2023 13:59:00.

CSV: 5FC6-4308-4A0A-BC39